

SEC.1EXT. ARREDORES SAN DOMINGOS DE BONAVAL, COMPOSTELA - DÍA

As imaxes ralentizadas dunha retransmisión televisiva amosan o multitudinario traslado dun cadaleito cara a unha igrexa. O cadaleito vai cuberto cunha bandeira branca cruzada por unha banda azul (a galega). Hai aplausos, asubíos e berros da xente, sempre cun efecto de distorsión que lle dá aos sons un carácter pantasmagórico. Empezan a aparecer sobreimpresionados varios dos títulos de crédito da película. Unha vintena de policíaas tentan controlar a situación, pero máis dunha vez rematan golpeando coas porras a algúns dos asistentes. O cortello fúnebre avanza con dificultade entre a multitude exaltada. En medio dela hai un vello duns 90 anos, ARTURO, que olla especialmente afectado o paso do cadaleito.

FUNDIDO A NEGRO

Aparece sobreimpresionado en branco o título:

Alén de loitas perdidas

O título desaparece.

SEC. 2 INT. SALA I MUSEO HERMITAGE, LENINGRADO - DÍA

ABRE DE NEGRO

Unha gran mancha negra, que pertence a un cadro abstracto xeométrico. O cadro fai parella con outro, e os dous están colgados ás costas de ARTURO (42 anos), a bastante distancia del. ARTURO atópase sentado no extremo dunha gran sala de exposicións de decoración neoclásica.

Sobreimpresionado:

Leningrado (U.R.S.S.), 1938

Tupidos cortinaxes diante dos ventanais apenas deixan pasar algúns raios de sol. ARTURO está a ollar atentamente unha das moitas obras expostas, un lenzo no que simplemente hai un cadrado negro pintado sobre fondo branco. De súpeto, unha voz saca a ARTURO do seu ensimismamento.

SARXENTO SOVIÉTICO

(en ruso)

¡Usted! ¿Qué hace aquí?

ARTURO da volta e ve a un SARXENTO SOVIÉTICO de a penas 25 anos que lle fala dende o umbral da porta da sala.

ARTURO

(en francés)

Disculpe, no hablo ruso...

SARXENTO SOVIÉTICO

(en ruso)

Esta sala no forma parte de la visita.
¿No se lo han dicho?

ARTURO queda calado ollando para o SARXENTO SOVIÉTICO.

SARXENTO SOVIÉTICO

(en ruso, facendo xestos para que ARTURO se achegue a el)

Vaya con los demás y no se salga del grupo, por favor.

ARTURO érguese lentamente do asento. Bota unha última ollada ao cadro e camiña ata a saída da sala, onde lle agarda o SARXENTO SOVIÉTICO. Unha vez fóra, o SARXENTO SOVIÉTICO pecha as pesadas portas da sala.

CORTA A:

SEC. 3 INT. SALA II MUSEO HERMITAGE, LENINGRADO - DÍA

ARTURO e o SARXENTO SOVIÉTICO achéganse a un grupo de persoas que rodea a DANIEL, un home duns 50 anos que semella ser o convidado principal nunha visita organizada ao museo. Todos atenden ás explicacións que un HISTORIADOR lle dá a DANIEL sobre os cadros expostos nesa sala. Trátase de enormes lenzos que reproducen en estilo realista a actividade dos obreiros e labregos soviéticos.

HISTORIADOR

(en ruso)

... guiados en todo momento por nuestro líder Iosiv Stalin. Se trata de la esencia del pueblo soviético plasmada de manera sublime.

TRADUCTOR

(en castelán)

... guiados en todo momento por
nuestro líder Iosiv Stalin. Se trata
de la esencia del pueblo soviético
plasmada de manera sublime.

ARTURO sitúase a carón de DANIEL mentres prosiguen as
explicacións do HISTORIADOR e máis o TRADUCTOR.

DANIEL

(a ARTURO, polo baixiño)

Danme moita morriña estes cadros.
Fíxate ben. Moitos deses labregos
rusos ben podían ser galegos.

ARTURO garda silencio.

DANIEL

Onde te meteras?

ARTURO

É que atopei... estaba...

TRADUCTOR

(en castelán)

A continuación pasaremos a la sala de
los héroes, en la que nuestros
invitados podrán admirar el trabajo de
los más nuevos y vigorosos artistas
socialistas.

Todos saen da sala, deixando atrás un gran cadro que
representa a Lenin dando un discurso.

DANIEL (OFF)

(en castelán)

Sí, compañeros, hemos sufrido un duro
golpe. Pero la guerra de España no ha
de durar mucho más. Todos estamos
seguros de que pronto podremos volver
a nuestro país...

CORTA A:

SEC. 4 INT. PLATEA TEATRO MARIINSKY, LENINGRADO - NOITE

Un maxestuoso teatro ateigado de xente. No escenario, unha orquestra sinfónica agarda. Diante dela, DANIEL le un discurso ante o público.

DANIEL

(en castelán)

... y de que cuando lo hagamos, ese país seguirá siendo una República.

O público aplaude as verbas de DANIEL.

DANIEL

Como representante del pueblo gallego y de la República española legalmente vigente, quiero agradecer a nuestros hermanos soviéticos el apoyo que nos están brindando. También quiero mostrar mi admiración por la armonía con la que conviven aquí los diferentes pueblos soviéticos (rusos junto a ucranianos, bielorusos, uzbekos...) Así, también el pueblo gallego puede convivir en pie de igualdad con todos los demás pueblos de España. Por eso la República no puede desaparecer, una república que estaba empezando a reconocer que ser diferente no es ser peor. No permitamos que el fascismo nos arrebatase todo esto.

CORTA A:

SEC. 5 INT. PALCO TEATRO MARIINSKY, LENINGRADO - NOITE

ARTURO escoita dende un palco o concerto interpretado por unha gran orquestra sinfónica. DANIEL aparece na entrada do palco acompañado por uns homes, e logo de intercambiar unhas verbas con eles, ocupa o seu asento xunto a ARTURO.

DANIEL

Que tal estiven?

ARTURO

Coma sempre.

DANIEL queda mirando para ARTURO agardando algunha opinión máis.

ARTURO
Moi convincente.

DANIEL sorrí e dirixe a súa atención á orquestra.

DANIEL
Sabes a quen atoparemos en Nova York?
A Basilio.

ARTURO
Basilio... o cura de Beiro?

DANIEL
(asentindo coa cabeza)
Dixéronme que está a organizar
bastantes actos coa súa filla. E
ademáis queren expoñer alí as miñas
estampas da guerra!

ARTURO
(lixeramente sorprendido)
Expoñer en Nova York!

DANIEL
Se cadra podemos arranxar unha cos
teus traballos.

Por un momento a ARTURO se lle alumea a faciana. Logo dun intre volve a adoptar o seu xesto serio habitual.

ARTURO
Ti pensas que estou preparado?
(mirando para DANIEL)
En Nova York...?

DANIEL semella concentrado na música e non contesta. Os dous fican en silencio, atendendo á orquestra, que está a tocar a Sinfonía do Novo Mundo de Dvorak.

CORTA A:

SEC. 6 EXT. BAÍA DE NOVA YORK / RÚAS DE NOVA YORK - AMENCER

Ao compás da Sinfonía do Novo Mundo, a cidade de Nova York esperta un día máis.